

# Os mapas de ruídos das estradas, a información pública para reducir a contaminación acústica

*Política Territorial deseñará medidas correctoras nas vias de más de 6 millóns de vehículos ao ano* *Dáse así cumprimento á Directiva Europea sobre avaliación e xestión do ruido ambiental*

## REDACCIÓN Vigo

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes está a elaborar un Mapa Estratégico de Ruidos nas estradas galegas que agora se mete a información pública e que servirá de base para o deseño de planes de acción con medidas correctoras e protectoras a aplicar co fin de reducir a contaminación acústica.

Con este traballo dáse cumprimento á Directiva Europea sobre avaliación e xestión do ruido ambiental para desenvolver e completar o consumo de medidas comunitarias sobre ruido emitido polas principais fontes de contaminación acústica como son vehículo os infraestruturas de ferrocarril e estradas, aeronaves, equipamento industrial e máquinas móviles. Así mesmo, a Directiva empraza a desenvolver medidas adicadas a curto, medio e longo prazo.


A Directiva determina una primeira fase de elaboración de mapas nos contornos das estradas más saturadas de tráfico, nas grandes aglomeracións urbanas, nas vías ferroviarias con maior densidade de tráfico e nas grandes infraestruturas aeroportuarias.

No que atóxase a Galicia e dentro das competencias da Consellería de Política Territorial no eido concreto das infraestruturas viarias, os traballos concentráronse na elaboración de mapas de ruídos nas estradas de titularidade autonómica que superan os seis millóns de vehículos ao ano. Ata o día de agora xa se elaboraron para 10 vias na provincia da Coruña e 6 na de Pontevedra e están en proceso de elaboración noutras dúas estradas da Coruña e Pontevedra. Os documentos rematados atopáronse xa colgados na páxina web da Consellería ([www.cptopt.xunta.es](http://www.cptopt.xunta.es)) e, coa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) do anuncio do seu sometemento a información pública, ábrase un prazo dun mes para que os interesados realicen as observacións que considéren pertinentes. Estas observacións poden ser remitidas á dirección de correo electrónico [mapas.ruido@xunta.es](mailto:mapas.ruido@xunta.es).


## Paisaxe sonora

Os resultados dos estudos realizados permiten representar cartográficamente a paisaxe sonora no contorno destas infraestruturas viarias. Ademais, identifícanse as zonas que superan os límites de recepción acústica tanto de dia como en horario nocturno, o número de habitantes afectados e os equipamentos públicos (diccionarios, sanitarios,...) suxectados a estes niveis acústicos.

A obtención e publicación destes resultados servirán de base para desenhar a segunda fase co estudo que, como específica a Directiva comunitaria, consiste na xestión do ruído ambiental mediante plans de acción coñecidos como medidas correctoras e protectoras.



Os traballos concentráronse na elaboración de mapas de ruídos nas estradas da rede autonómica que superan os seis millóns de vehículos ao ano.



Os resultados permiten representar cartográficamente a paisaxe sonora no contorno destas infraestruturas.

ras concretas encamiñadas a eliminar as zonas de conflito identificadas no Mapa Estratégico de Ruido.

## Ponte das Correntes

Os Orzamentos das Xunta para o próximo ano incluirán 8 mil óns de euros para comenzar a construcción da Ponte das Correntes, unha infraes-

trutura que incluirá catro carris, unha pasarela para peóns e unha plataforma para bicicletas e estará ubicada entre as pontes do Burgo e A Barca.

Nun acto en Pontevedra de presentación da infraestrutura viaria no eixo Pontevedra-Vigo, en compañía da conselleira de Política Territorial,

Maria José Caride, o xefe do Goberno galego adiantou que, antes de final de ano, a capital contará cun Plan de Infraestruturas e cun Plan de Transporte nos que xa traballan a Consellería de Política Territorial e o Concello de Pontevedra e salientou o proximo cumprimento dunha petición histórica da cidade, a conexión

directa coa Meseta. "A nova autovía A-57, que xa se encontra nunha fase moi avanzada, será a resposta a unha das principais demandas de Pontevedra, a súa corección directa coa A-52", asegurou Tous. "Dixérona esta semana no Parlamento e hoxe o podo repetir; temos un Goberno que cumple", engadiu o presidente da Xunta.

## Autovía e mellora da AP-9

A conselleira de Política Territorial adiantou as principais obras en materia de infraestruturas das que se beneficiará a cidade de Pontevedra nos próximos meses: a construcción da Ponte das Correntes, a autovía sen peaxe entre Pontevedra e Vigo e a mellora da AP-9.

A conselleira explicou que a Xunta prepara un Plan de Infraestruturas no eixo Pontevedra-Vigo que mellore a mobilidade, a accesibilidade e a vertebración do territorio nas áreas de influencia destas ciudades. Caride afaciou que Pontevedra contará, antes de final de ano, cun plan propio do que disporán todas as principais cidades de Galicia. "Estamos trabajando nel e codo adiantar que a colaboración co Concello vai ser total", asegurou María José Caride.

Na súa intervención, Caride adiantou que a construcción da Ponte das Correntes irá acompañada de traballo que garantan o mellor acceso á nova infraestrutura e a reordenación urbana da zona. "Traballaremos co Concello de Pontevedra para concretar a mellor solución", anunciou Caride.